

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE MUIMENTA

CURSO: 4º

MATERIA: MÚSICA

DEPARTAMENTO:

DATA: 4 DE MAIO DO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
B1.2. Manter unha actitude de Respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras. EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: A avaliación do terceiro trimestre farase seguindo as directrices asignadas no citado decreto, polo tanto terase en conta a 1º e 2º avaliación e de cara a avaliación final aquelas actividades achegadas polo alumnado telemáticamente solo serán tidas en conta de xeito positivo, nunca serán perxudiciais para a avaliación.
	Instrumentos: Os instrumentos de avaliación para a terceira avaliación consistirán nun seguimento das actividades propostas que os alumnos enviarán ao mestre e que este correxirá e devolverá aos alumnos/as polos medios axeitados para cada caso.
Cualificación final	A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado. A realización de todas as actividades propostas no terceiro trimestre suporá 1 punto na cualificación final.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Na materia de música non hai ningún alumno/a suspenso.

	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Actividades de recuperación: Non hai ningún alumno/a coa materia de música suspensa no curso polo tanto non se deseñaron actividades de recuperación para o terceiro trimestre.</p> <p>Actividades de repaso e reforzo: A maioría das actividades deseñadas son actividades de este tipo extraídas ou deseñadas polo Mestre para reforzar os contidos xa traballados durante o 1º e 2º trimestre.</p> <p>Actividades de ampliación: Deseñaranse actividades de ampliación para o alumnado que as demande.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>As actividades serán subidas á aula virtual. Estas serán explicadas claramente a través de vídeos explicativos ou escribindo unhas instrucións claras para a súa realización.</p> <p>A comunicación será fluída a través do correo electrónico, que servirá tanto para preguntar dúbidas como para a entrega e posterior</p>

	corrección das actividades
Materiais e recursos	Páxina web do centro. Aula virtual do centro. Correo electrónico.

4. Información e publicidade

Información ao	Mediante correo electrónico.
-----------------------	------------------------------

alumnado e ás familias	
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.